



**Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia-
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o
Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto denominado Mellora da
eficiencia enerxética da Casa do Concello**

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar co Concello de Vilanova de Arousa un convenio para a execución do proxecto denominado Mellora da eficiencia enerxética da Casa do Concello.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a protección do medio ambiente.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estivera destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, mediante a Orde do 30 de decembro de 2016 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2017) reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017 e as actuacións ás que se destina, aplicando parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Por outra banda, no proxecto orzamentario 2017 00054, *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais*, existe un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia. Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, incluídos os relacionados coa protección do ambiente.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Vilanova de Arousa o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.





4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto denominado Mellora da eficiencia enerxética da Casa do Concello.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Vilanova de Arousa manifestou a necesidade extraordinaria de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para acometer o proxecto denominado Mellora da eficiencia enerxética da Casa do Concello que ten como obxecto a renovación dos materiais de cobertura da edificación, mellorando a impermeabilización e o illamento térmico do edificio.

O tellado do Concello de Vilanova de Arousa está formado por tellas cerámicas que levan colocadas desde a súa construción ata a actualidade. Logo da exposición durante máis de 50 anos ao sol, chuva, vento e frío atópase nunha situación de importante deterioro. Ademais de filtracións de augas nas oficinas situadas no baixo cuberta, existe un risco de desprendemento de tellas as vías e prazas públicas que rodean o edificio, o que supón un risco potencial para a integridade das persoas usuarias e traballadoras dos servizos municipais.

En efecto, tras 57 anos de uso sen que se teñan feito reparacións de carácter estrutural, as oficinas sitas na Casa do Concello, onde se prestan os servizos administrativos, perderon as condicións ambientais axeitadas con evidentes carencias en materia de salubridade, ventilación, illamento térmico e illamento acústico, que se manifestan nas pingueiras interiores, humidades e outras deficiencias similares. Polo tanto, cómpre acometer coa meirande urxencia reformas no inmovible de titularidade municipal para que se poidan prestar á veciñanza os servizos públicos en condicións mínimas de seguridade e asemade de funcionalidade, seguridade ou salubridade.

As obras de reforma que o concello pretende realizar constitúen unha intervención parcial, porén suporían unha mellora substancial nas condicións de habitabilidade das oficinas municipais e de seguridade para os viandantes no contorno da casa do concello.

Asemade as actuacións teñen unha compoñente nos resultados que mellorará a envolvente térmica do edificio e a súa eficiencia enerxética do edificio, ao actuar en dúas liñas fundamentais: por unha banda a redución da demanda enerxética e, xa que logo, do consumo e, por outra, a mellora do rendemento das instalacións térmicas.

A redución da demanda enerxética vaise conseguir mediante a renovación dos materiais de cobertura, substituíndo os actuais por un novo sistema coa incorporación de illamento térmico baixo as placas de fibrocemento e tella. Os parámetros técnicos condicionantes a hora da elección do sistema de cuberta foron o cumprimento da normativa acústica CTE-HR, así como a obtención dun sistema que garantise a recollida de augas pluviais e unha correcta impermeabilización. En definitiva garanten unhas axeitadas condicións de hixiene, saúde e protección do ambiente.

Pola situación precaria da cuberta e das oficinas municipais e as deficientes condicións de salubridade e seguridade do edificio, que non soportarían un novo inverno sen que se produzan danos importantes, cómpre iniciar de contado a execución da reforma da cuberta, antes de que comece a época invernal e o empeoramento estacional das condicións meteorolóxicas impidan a súa realización.

A urxencia da actuación acentúase polo feito de que na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé a súa convocatoria nas próximas datas e pola falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as necesarias actuacións.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local e que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario Desenvolvemento dos Entes Locais.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración





local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello de Vilanova de Arousa para afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas municipais sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Vilanova de Arousa.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2017 00054) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017
A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez
Documento asinado dixitalmente á marxe

